

ACTA RESOLUCIÓN ESCRITOS DE ALEGACIONES E RESULTADOS DEFINITIVOS FASE DE OPOSICIÓN

CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA CUBRIR CON CARÁCTER TEMPORAL UNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, ADSCRITA Á AREA OBRAS E SERVIZOS, ENCADRADA NO GRUPO IV/V DO CONCELLO DE MEIS, E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA

Nas dependencias da Casa Consistorial do Concello, sito en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis), sendo as 12:00 horas do día 18 de xuño de 2025, reúnen os membros do tribunal cualificador para o estudo e resolución das alegacións presentadas na proba práctica efectuada no marco do proceso selectivo para a provisión, mediante concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0244, de data 25 de abril de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 82, do venres 2 de maio de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: D. Rodrigo Parada Vázquez, Operario do Concello de Meis.
- Vogal: D. Juan Manuel Gómez Torres, Operario da Mancomunidade do Salnés.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, dáse conta que unha vez celebrada a proba práctica, publicáronse os resultados provisionais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis en data 13 de xuño de 2025. Dentro do prazo establecido, presentáronse alegacións por parte dos seguintes aspirantes:

1. ALAN CAPPASANZ. Rexistro de entrada núm. 2025-E-RC-1667, de data 17.06.2025.
2. MIGUEL RODIÑO GRAÑA. Rexistro de entrada núm. 2025-E-RC-1667, de data 17.06.2025.

Analizadas as alegacións presentadas, este Tribunal, por unanimidade dos seus compoñentes, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por D. ALAN CAPPASANZ con fundamento nos seguintes motivos:



No escrito de alegacións presentado o aspirante indica “en estos últimos años me he dedicado a la limpieza y desbroce de parcelas y preparación de todo tipo de terrenos para plantaciones y excavaciones (5 años fuera de España) utilizando maquinarias varias. Adjunto certificado de servicios prestados de la Diputación de Pontevedra) e solicita “que se tenga en cuenta estas alegaciones, se subsane el error ya que considero que mi puntuación debería corresponderse con la realidad que sería 20 puntos sobre 20, y así no ser eliminado del listado”.

A estes efectos, cabe sinalar que os procedementos de selección de persoal ao servizo da Administración Pública réxense polas bases da convocatoria que regulan o proceso de selección do persoal que son obxecto de convocatoria, a cal representa unha oferta pública que se fai aos posibles interesados que cumpran os requisitos de acceso ás prazas convocadas.

O principio de que as bases da convocatoria constitúen a lei do proceso selectivo, foi reiterado pola xurisprudencia. Así, o Tribunal Supremo reitera que as bases das probas selectivas constitúen a chamada lei do concurso ou da oposición, con capacidade para vincular aos aspirantes que participan, ao órgano de selección e á propia Administración Pública que as elaborou e aprobado.

Este principio, ten o seu reflexo na normativa estatal no artigo 15.4 do Real Decreto 364/1995 (RXI), que indica: «As bases das convocatorias vinculan á Administración e aos Tribunais ou Comisións Permanentes de Selección que deben xulgar as probas selectivas e a quen participen nas mesmas».

O obxectivo deste principio xeral é garantir a obxectividade e a igualdade de trato e limitar as facultades discrecionais da Administración Pública no proceso selectivo, de modo que as bases fixan as regras de xogo dentro das que teñen que moverse os órganos administrativos intervinientes no procedemento de selección. Mediante a publicación das bases, a Administración queda limitada, ao determinarse o sistema selectivo, os méritos a valorar, as probas que se deben superar, os programas e as formas de cualificación.

Os órganos selectivos, por tanto, quedan vinculados polo disposto nas bases, pero como recoñeceu o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 34/1995, de 6 de febreiro, dispoñen de discrecionalidade técnica para a interpretación das bases e para adecuar a convocatoria ás circunstancias concretas, que se funda nunha presunción de certeza e razoabilidade da súa actuación, dada a especialización e imparcialidade dos órganos establecidos para realizar as valoracións.

Por iso, recoñécese aos Tribunais cualificadores capacidade para resolver todas as dúbidas que o desenvolvemento das probas selectivas poida ocasionar, pero con plena vinculación ás bases da convocatoria.

O establecemento duns criterios de valoración cualitativos previos a realización das dúas probas do exercicio práctico da fase de oposición foi unha decisión adoptada de forma compartida polo Tribunal como garantía de obxectividade e igualdade no proceso de valoración dos exercicios de todos os aspirantes.

No escrito de alegacións no se expón ningún argumento técnico polo que se considere que o seu exercicio debería haber obtido unha puntuación superior, e polo que o mesmo se considera indebidamente cualificado.

En virtude do exposto, o Tribunal cualificador deste proceso selectivo considera que a puntuación outorgada ao aspirante é correcta e que súas alegacións carecen de motivación.

O Tribunal resta puntuación na segunda proba ao candidato tendo en conta que tivo que repetir varias veces o acendido da máquina rozadora, colocando o pe encima da mesma.

Os criterios técnicos que serven de motivación a este Tribunal para outorgar a puntuación



deben prevalecen sobre a opinión subxectiva do aspirante que reclama. A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 7 de novembro de 2001, Res. 1312/2001 (Rec. 1078/1998), no seu fundamento de dereito terceiro, detalla que «Restaría por analizar se entre os labores do Tribunal cualificador atópase a de establecer o criterio de baremación aplicado. Non resulta ocioso lembrar que a función dos tribunais cualificadores nos procesos selectivos é ofrecer ao órgano administrativo que debe decidir esa provisión, aqueles coñecementos que non posuíndo este último son imprescindibles para verificar a avaliación profesional que conforma o elemento central daqueles, razón pola cal, dun lado, o seu ditame ten carácter vinculante para aquel e doutro, gozan na súa actuación avaliadora dunha ampla marxe de apreciación que a doutrina vén denominando discrecionalidade técnica, o que reduce as posibilidades de control basicamente a dous supostos: inobservancia dos elementos regulados de existir e erro técnico concluínte, observable curmá facie, que frustre o fin que anima todo proceso de selección e que non é outro que precisar en quen concorren os mellores méritos e capacidade. É por estas razóns polas que o Tribunal cualificador está facultado para facer unha interpretación daqueles puntuais aspectos non do todo especificados ou detallados, sempre que no desenvolvemento daquel labor non se infrinxan as propias bases, nin os principios de igualdade, mérito e capacidade que por imperativo constitucional vincúlanlle e iso aínda que aquela sexa só unha das posibles opcións interpretativas».

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións presentadas por D. MIGUEL RODIÑO GRAÑA con fundamento nos seguintes motivos:

No escrito de alegacións presentado o aspirante indica “en la segunda prueba realizada, en la cual había que encender/apagar y saber manipular una máquina desbrozadora y un soplador, la nota obtenida sobre un máximo de 15 puntos fue de 10 puntos. La prueba fue realizada apropiadamente y sin presentar dificultad alguna”. Tamén pon de manifesto que “en la primera prueba (tractor) discrepo ya que los mandos de la desbrozadora están configurados al azar y no según estándar”. Igualmente denuncia que “el que evalúa la prueba conoce a algunos participantes lo cual impide su objetividad a la hora de evaluar”, para concluir solicitando “una explicación objetiva a cerca de mis resultados y acorde con lo expuesto anteriormente”.

Co ánimo de non resultar repetitivos, dáse por reproducida a argumentación recollida no punto anterior sobre a vinculación das bases do proceso selectivo, os criterios de avaliación da proba práctica e a discrecionalidade do Tribunal cualificador, resultando de aplicación na súa integridade para a resolución desta reclamación.

Sobre a alegación dos mandos do tractor, carece de motivación, dado que é operario o que se ten que a adaptar a máquina, e non viceversa. Igualmente, o Tribunal réstalle puntuación na segunda proba dado que coloca o pe encima da máquina rozadora.

Con relación a alegación de o que avalía a proba coñece a algúns participantes o cal impide a súa obxectividade á hora de avaliar, cabe sinalar que o acto de publicación da composición do Tribunal é o momento procesal oportuno para impugnalos e alegar todos os defectos ou causas de recusación que se estimen convenientes. A xurisprudencia pronúnciase no sentido de que a non impugnación do Tribunal implica o consentimento e aceptación do mesmo, non podendo alegarse posteriormente nos actos ditados por dito órgano de selección.

TERCEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo, por orde de puntuación, unha vez resoltas as reclamacións presentadas:



	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN PROBA TRACTOR ROZADOR	PUNTUACIÓN PROBA OUTRA MAQUINARIA	PUNTUACIÓN TOTAL	CUALIFICACIÓN
1	SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS	45	15	60	APTO
2	BARCALA ABALO ALEJANDRO	40	15	55	APTO
3	ABAL RUIBAL DAVID	30	15	45	APTO
4	RODIÑO GRAÑA MIGUEL	30	10	40	APTO
5	DACOSTA GONZÁLEZ JUAN	35	15	50	NON APTO (*)
6	GARCÍA RODRÍGUEZ PABLO	15	10	25	NON APTO
7	MARTÍNEZ LODEIRO MIGUEL	15	10	25	NON APTO
8	CALVO ESTÉVEZ DEMETRIO	15	10	25	NON APTO
9	CAPPA SANZ ALAN	15	10	25	NON APTO

(*) Non supera a proba de coñecemento do idioma galego.

CUARTO.- Finalizada a fase de oposición, de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo, os aspirantes APTOS que a superaron **presentarán a documentación relativa á fase de méritos no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados definitivos da fase de oposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://meis.sedelectronica.gal>.**

A reunión do Tribunal cualificador para baremar os méritos achegados polos aspirantes terá lugar o luns día 30 de xuño de 2025, ás 09:00 horas na Casa consistorial do Concello de Meis.

QUINTO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>] e na páxina web do Concello: www.meis.gal.

Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico, alcaldesa-presidenta da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A publicación do presente acordo ha de entenderse como notificación aos aspirantes reclamantes, de conformidade co establecido na Base Terceira da Convocatoria.

E non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as doce horas e vinte minutos do mércores día dezaioito de xuño de dous mil vinte e cinco, a señora Presidenta da por concluída a reunión do Tribunal Cualificador, levantando a sesión e para a súa constancia expídese a presente acta, que consta de catro folios, da que como Secretario dou fe, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

